

BASES PARA A SELECCIÓN - URGENTE - DE TRES CONDUCTORES DE MOTOBOMBA (OFICIAL - CAPATAZ) PARA REFORZO NO SERVIZO LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria URGENTE é a selección e contratación laboral temporal de 3 CONDUCTORES DE MOTOBOMBA (OFICIAL - CAPATAZ) para reforzar o servizo ata o 31 de decembro de 2015.

SEGUNDA. CONDICIÓNS DO CONTRATO DE TRABALLO.

A modalidade contractual será por obra ou servizo. A duración do contrato será como máximo ata o 31/12/2015, por obra ou servizo, previsto no art. 15 a) do Estatuto dos Traballadores. Duración condicionada por as necesidades do servizo, a existencia de crédito e das axudas que poidan outras administracións conceder.

O/s contrato/s de traballo terá/n un período de proba de 1 mes, durante o cal sen previo aviso poderase extinguir por ámbalas partes.

A duración dos contratos non superará en ningún caso a establecida, por o contrario, debido ás condicións do servizo poderán causar baixa, cando así o estime a xefatura de persoal con motivo de non ser necesarios os reforzos para o que foi contratado.

TERCEIRA. RETRIBUCIÓNS E XORNADA.

A retribución será a establecida para un traballador laboral do grupo 4 (equivalente a C2) e nivel de CD 18.

A xornada será de luns a domingo cos descansos semanais establecidos por lei. As quendas estableceranse de acordo o que estableza a xefatura do corpo.

CUARTA. LEXISLACIÓN APLICABLE.

A contratación farase ó amparo do disposto no apartado 1 a) do art.15 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. 29-03-1995), por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Estarase na selección e contratación no establecido na Lei 7 / 2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

QUINTA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7 / 2007.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo.
- c) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida na Lei 4 / 2007 e na 7 / 2007.
- d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) Posuír a titulación de graduado en educación secundaria obrigatoria, ESO ou equivalente.

f) Posuír o carné de conducir da clase C e BTP.

g) Posuír o Curso Básico de Protección Civil impartido por Administración Pública ou entidade homologada.

h) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 12 2080 5061 45 3040005803 a cantidade de 12,89 € fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste concello.

SIXTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria (relacionadas na base quinta) dirixiranse ó Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9:00 á 14:00 horas (excepto o sábado ata as 13 horas), durante o prazo de 5 días naturais dende a publicación do anuncio nun dos diarios de maior circulación da provincia (dende o 9 de xullo de 2015 ata o 13 de xullo de 2015, ámbolos dous días inclusive). Aqueles aspirantes que presenten en distinto rexistro deberá enviar copia da documentación co selo do rexistro por fax ao nº 986721022.

Xuntarase ca instancia as copias da seguinte documentación debidamente compulsada:

- Currículo extenso e detallado.
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da tarxeta co número de afiliación a Seguridade Social.
- Título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ESO ou equivalente.
- Carné de conducir da clase C e BTP.
- Título Curso Básico de Protección Civil impartido por Administración Pública ou entidade homologada.
- Certificado médico / Informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-la función de (Conductor - motobomba) Oficial – capataz de protección civil.
- Documento acreditativo do ingreso en prazo (establecido na letra h base 5ª) dos dereitos de exame ou, no seu defecto, tarxeta de demanda de emprego en vigor.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as desta.

SETIMA.—COMEZO DOS EXERCICIOS

1. As probas selectivas comezarán o Mércores día 15 de xullo de 2015 as 8.30 horas no Pazo Emilia Pardo Bazán.
2. Os aspirantes convocaranse nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados, que resolverá o tribunal.
3. Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

OITAVA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES.

O proceso selectivo será a través do sistema de OPOSICIÓN a cal será valorada de 0 a 10 puntos, e constará :

1º) Proba tipo test de carácter eliminatorio referida aos contidos básicos de protección civil (Manual básico de Protección Civil, materias todas elas impartidas no curso básico esixido nas bases de acceso a convocatoria). Valorarase de 0 a 6 puntos debendo acadar o mínimo de 3 puntos para considerar como superada a proba e poder pasar a seguinte.

Aqueles aspirantes que superen a proba tipo test convocaranse a través dos listados expostos no Pazo Emilia Pardo Bazán, Concello e Páxina web municipal para o xoves 16 de xullo de 2015 as 9.30 horas (lugar por determinar), para a realización da 2ª proba.

2º) Proba, faranse cuestións relacionadas co posto de traballo e a experiencia aportada no seu currículo, o tribunal poderá determinar a realización dunha proba de manexo de vehículo ou de ferramentas de uso diario no traballo, valorándose esta proba de 0 a 4 puntos.

A suma da 1ª proba e da 2ª proba dará o resultado final da oposición establecéndose un listado por orde de maior puntuación a menor puntuación, establecerase unha lista de agarda a cal utilizarase de necesidade o longo do ano 2015.

NOVENA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES E CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.

Publicaranse no taboleiro do Concello de Sanxenxo os admitidos a convocatoria, no día seguinte a finalización da presentación das instancias (14/07/2015).

DECIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará integrado por :

PRESIDENTE : Luís Angel Sabariz Rolan. Tesoureiro Municipal do Concello de Sanxenxo.

SECRETARIO : Celestino Otero Camiña. Funcionario da área de intervención.

VOCALIS : Teresa Reyes Martínez, Funcionaria tesourería do Concello de Sanxenxo.

ASESORES : Carlos Granjel Dios. Técnico de emprego / persoal do Concello de Sanxenxo.
Jose Antonio Folgada González. Xefe do servizo de emerxencias.
Un oficial – capataz do servizo.

UNDECIMA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases, calquera modificación ou decisión publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal (www.sanxenxo.es).

Sanxenxo, 8 de xullo de 2015.

O alcalde,

Gonzalo Gonzalo Pita.